

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE  
PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR, FACENDA E PROMOCIÓN  
ECONÓMICA DE DATA 16 DE ABRIL DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e dez minutos do día 16 de abril de dous mil nove, reúnense en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, os membros da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE, por imposibilidade de asistencia de don Francisco Javier Varela Tejedor.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU
- Don Manuel Marante Gómez, do Grupo Mixto (PG)

Faise constar que están presentes os señores concelleiros don José Venancio Salcines Cristal e dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.

Asiste dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Antes de comezar a sesión, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, pregunta por que razón non se convocou o pleno que estaba previsto para o día 17 de abril, co fin de aprobar os asuntos incluídos para o ditame desta comisión informativa.

O Sr. alcalde contesta que se pretende incluír os tres asuntos no vindeiro pleno ordinario do día 30 de abril.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que, se iso é así, e co fin de ter máis tempo para tratar estes asuntos, propón deixar os temas sobre a mesa e traelos á comisión informativa ordinaria do día 28 de abril.

Sometida esta proposta a votación ordinaria, votan a prol o concelleiro do PSdeG-PSOE, o concelleiro do PP, o concelleiro do BNG, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A comisión, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, ditaminou que se deixasen sobre a mesa, para a inclusión na seguinte sesión ordinaria da comisión informativa, os seguintes asuntos:

- 1º Orzamentos xerais para o exercicio 2009
- 2º Cadro de persoal
- 3º Catálogo de postos de traballo

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia